



*Funcionamiento de las Entidades Locales, aprobado por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, en cuanto a las reglas que para la delegación se recogen en dichas normas.*

*Lo manda y lo firma el alcalde.*

*Taboadela, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.*

*Fdo.: Álvaro Vila Araújo.*

**R. 1.984**

## Viana do Bolo

### Anuncio de ordenanza definitiva

Ao non presentárense reclamacións durante o prazo de exposición ao público (BOP n.º 109, do 15/05/2021) queda automaticamente considerado definitivo o acordo plenario provisional deste concello sobre a modificación da Ordenanza municipal de regulación do estacionamento na vila de Viana do Bolo, cuxo texto íntegro se publica en cumprimento do artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Viana do Bolo, 29 de xuño de 2021. O alcalde.

Asdo.: Abelardo Carballo Alonso.

Ordenanza municipal de regulación do estacionamento na vila de Viana do Bolo

#### Artigo 1

O presente texto dítase en exercicio das potestades recoñecidas a esta administración territorial, o municipio de Viana do Bolo, nos artigos 22.2. d), 84.1. a), 4.1. a), 25.2. g) e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre tráfico e circulación de vehículos a motor e seguraza vial e nos artigos 93, 94 e concordantes do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación.

Subsidiariamente, isto é, naqueles aspectos non regulados expresamente na presente ordenanza ou pola autoridade municipal baseándose nela, aplicaranse a antedita normativa sectorial e os seus regulamentos de desenvolvemento.

#### Artigo 2

O obxecto da presente ordenanza é conxugar axeitadamente a demanda de estacionamento en determinadas zonas da vila de Viana do Bolo, cos obxectivos xerais de calidade urbana e accesibilidade, mediante a ordenación funcional, espacial e temporal dos estacionamentos de vehículos nas vías públicas afectadas, co establecemento de medidas de regulación e de garantía do seu cumprimento.

#### Artigo 3

Esta regulación implica a prohibición temporal do estacionamento en determinados intervalos horarios, en determinadas vías da vila.

Establécense excepcións relacionadas coas persoas que traballan para este concello, en exercicio das tarefas e funcións laborais.

#### Art. 4

Con carácter extraordinario, a Alcaldía poderá adoptar as medidas que considerar precisas, modificando ou suspendendo temporalmente as condicións de estacionamento reguladas por esta ordenanza, cando as circunstancias que incidiren no tráfico e o estacionamento así o aconsellaren.

Estas resolucións publicaranse con 5 días de antelación mínima á súa data de implantación, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do concello, así como na web oficial do concello.

#### Art. 5

1. Coa finalidade de garantir o cumprimento da ordenanza, a Policía Municipal ou, caso de isto non ser legalmente posible, a autoridade non municipal competente por delegación, confeccionará as denuncias correspondentes para o caso de incumprimento.

2. Co mesmo obxectivo, o Concello de Viana do Bolo expedirá documentos de uso excepcional de estacionamento (DUEE).

a) Será expedido un único DUEE por cada vehículo ao servizo do Municipio e, en cada un deles, faranse constar os datos identificativos (nome e apelidos, NIF e domicilio actual) das persoas que traballaren para o concello e deban utilizar tales vehículos para desenvolveren as súas funcións.

b) Conforme o que establece o art. 3, 2.º, o estacionamento excepcional sinalado non constituirá unha infracción ou incumprimento da presente ordenanza só no caso en que se efectúe para o desenvolvemento correcto das tarefas e funcións de traballo municipal.

c) A persoa usuaria deberá situar o DUEE no interior do parabrisas, de xeito que sexa totalmente visíbel desde o exterior.

d) A expedición dos DUEE deberá ter sido concluída ao tempo da entrada en vigor da presente ordenanza, e deberá ser obxecto de actualización cada vez que se produza algunha alteración na identidade ou nos datos identificativos das persoas usuarias.

#### Art. 6

A limitación de estacionamento aplicarase conforme a dous espazos temporais definidos:

Período xeral: que abrangue todo o ano.

Período estival: que abrangue do 1 de xullo ao 31 de agosto de cada anualidade, ambos os días incluídos.

#### Art. 7

As vías públicas sobre as cales rexen as medidas obxecto da presente ordenanza son:

1. Praza Maior

2. R/ Mazairas

3. R/ Ceferino Armesto

4. R/ María Pita, no seu primeiro tramo ata enlazar co cruzamento da rúa Travesía ( Estrada OU-533 A Gudiña-A Rúa)

A limitación horaria consistirá na prohibición de estacionamento nas anteditas zonas:

a) No período xeral, desde as 14.00 horas até as 00.00 horas do sábado; así como os domingos e días festivos, todo o día.

b) No período estival, desde as 20.30 horas ás 00.00 horas, así como das 00.00 horas ás 8.00 horas, de luns a venres; será de aplicación ao sábado e domingo o estipulado para o período xeral".

#### Art. 8

A infracción de calquera dos artigos desta ordenanza, así como das disposicións que no seu desenvolvemento dite a Alcaldía terán a consideración de infracción ás normas de ordenación de tráfico e circulación e implicarán a imposición de sancións consonte a lexislación e demais normativa vixente para o efecto.

Consideraranse infraccións leves:

A) Estacionar o vehículo nas zonas sinaladas e horarios prohibidos segundo o concreto período anual, sen posuír o correspondente DUEE.

B) Estacionar o vehículo nas zonas sinaladas e nos horarios prohibidos segundo o concreto período anual, sen colocar en lugar visíbel o correspondente DUEE.

C) Estacionar o vehículo nas zonas sinaladas e nos horarios prohibidos segundo o concreto período anual, utilizando un DUEE anulado, caducado ou non idóneo por outra causa formal.



Consideraranse infraccións menos leves:

D) Estacionar o vehículo nas zonas sinaladas e nos horarios prohibidos segundo o concreto período anual, utilizando un DUEE por persoa, para finalidade ou en vehículo diferente para o que se outorgou.

E) Estacionar o vehículo nas zonas sinaladas e nos horarios prohibidos segundo o concreto período anual, utilizando DUEE, tras deixar de facto algún dos requisitos para a súa expedición.

F) Reiteración ou reincidencia no incumprimento da presente ordenanza. Haberá reiteración cando se produciren dous incumprimentos no prazo dun trimestre, e reincidencia cando se produciren tres incumprimentos no prazo dun ano.

Todas elas A) a F), incluídas (leves e menos leves), terán a consideración de “infraccións leves”, consonte o que establece o art. 75 da Lei 6/2015, de tráfico precitada.

#### Art. 9

As infraccións leves, sancionaranse con multa de 40 € (corenta euros).

As infraccións menos leves sancionaranse con multa de 80 € (oitenta euros) e, no caso de perda das condicións para a expedición do documento, coa súa retirada.

Consonte o que establece o art. 94. a) da Lei 6/2015, unha vez realizado o pagamento voluntario da multa, quer no acto de entrega da denuncia, quer no prazo de 20 días naturais desde o seguinte ao da súa notificación, concluirá o procedemento sancionador con, entre outras, a consecuencia da redución do 50% do importe da sanción.

#### Art. 10

Consonte o que dispón o segundo parágrafo do art. 1 desta ordenanza sobre normativa subsidiaria e supletoria, en todos aqueles aspectos sobre tipicidade e gradación das infraccións e sanción destas, estarase ao que establecen a lexislación e os regulamentos sinalados e, nomeadamente, no que á cuestión procedementa se refire, ao Real decreto 318/2003, do 14 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro.

#### Disposición adicional única

A Alcaldía está facultada para ditar cantas ordes e instrucións resultaren precisas para a axeitada interpretación e aplicación desta ordenanza.

#### Disposición derogatoria

Quedan derogados cantas ordenanzas, regulamentos ou bandos municipais se opoñan á presente ordenanza.

#### Disposición final

A presente ordenanza, composta por 10 artigos, unha disposición adicional única, unha disposición derogatoria e unha disposición final, entrará en vigor o día hábil seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co art. 49 da Lei 7/1985, das bases do réxime local.

#### Anuncio de ordenanza definitiva

Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, (BOP n.º 109, de 15/05/2021) queda automáticamente considerado definitivo el acuerdo plenario provisional de este ayuntamiento sobre la modificación de la Ordenanza Municipal de Regulación del Estacionamiento en la Villa de Viana do Bolo, cuyo texto íntegro publica en cumpli-

miento del artículo 17.4 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Viana do Bolo, 29 de junio de 2021. El alcalde.

Fdo.: Abelardo Carballo Alonso.

Ordenanza Municipal de Regulación del Estacionamiento en la Villa de Viana do Bolo

#### Artículo 1

El presente texto se dicta en ejercicio de las potestades reconocidas a esta administración territorial, al municipio de Viana do Bolo, en los artículos 22.2. d), 84.1. la), 4.1. la), 25.2. g) y concordantes de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, así como en el Real Decreto Legislativo 6/2015 de 30 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley sobre Tráfico y Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial y en los artículos 93, 94 y concordantes del Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación.

Subsidiariamente, esto es, en aquellos aspectos no regulados expresamente en la presente ordenanza o por la autoridad municipal basándose en ella, se aplicarán la antedicha normativa sectorial y sus reglamentos de desarrollo.

#### Artículo 2

El objeto de la presente ordenanza es conjugar adecuadamente la demanda de estacionamiento en determinadas zonas de la villa de Viana do Bolo, con los objetivos generales de calidad urbana y accesibilidad, mediante la ordenación funcional, espacial y temporal de los estacionamientos de vehículos en las vías públicas afectadas, con el establecimiento de medidas de regulación y de garantía de su cumplimiento.

#### Artículo 3

Esta regulación implica la prohibición temporal de estacionamiento en determinados intervalos horarios, en determinadas vías de la villa.

Se establecen excepciones relacionadas con las personas que trabajan para este ayuntamiento, en ejercicio de las tareas y funciones laborales.

#### Art. 4

Con carácter extraordinario, la Alcaldía podrá adoptar las medidas que considere precisas, modificando o suspendiendo temporalmente las condiciones de estacionamiento reguladas por esta ordenanza, cuando las circunstancias que incidiesen en el tráfico y el estacionamiento así lo aconsejasen.

Estas resoluciones se publicarán con 5 días de antelación mínima a su fecha de implantación, mediante un anuncio en el tablón de edictos del ayuntamiento, así como en la web oficial del ayuntamiento.

#### Art. 5

1. Con la finalidad de garantizar el cumplimiento de la ordenanza, la Policía Municipal o, en caso de esto no ser legalmente posible, la autoridad no municipal competente, por delegación, confeccionará las denuncias correspondientes para el caso de incumplimiento.

2. Con el mismo objetivo, el Ayuntamiento de Viana do Bolo expedirá documentos de uso excepcional de estacionamiento (DUEE).

a) Será expedido un único DUEE por cada vehículo al servicio del municipio y, en cada uno de ellos, se harán constar los datos identificativos (nombre y apellidos, NIF y domicilio actual) de las personas que trabajen para el ayuntamiento y deban utilizar tales vehículos para desarrollar sus funciones.

b) Conforme a lo que establece el art. 3, 2.º, el estacionamiento excepcional señalado no constituirá una infracción o



incumplimiento de la presente ordenanza sólo en el caso en que se efectúe para el desarrollo correcto de las tareas y funciones de trabajo municipal.

c) La persona usuaria deberá situar el DUEE en el interior del parabrisas, de manera que sea totalmente visible desde el exterior.

d) La expedición de los DUEE deberá haber concluido al mismo tiempo de la entrada en vigor de la presente ordenanza y deberá ser objeto de actualización cada vez que se produzca alguna alteración en la identidad o datos identificativos de las personas usuarias.

#### Art. 6

La limitación del estacionamiento se aplicará conforme a los espacios temporales definidos:

Período general: que abarca todo el año.

Período estival: que abarca del 1 de julio al 31 de agosto de cada anualidad, ambos días incluidos.

#### Art. 7

Las vías públicas sobre las cuales rigen las medidas objeto de la presente ordenanza son:

1. Plaza Mayor
2. C/ Mazairas
3. C/ Ceferino Armesto
4. C/ María Pita, en su primer tramo hasta enlazar con el cruce de la calle Travesía (Estrada O-533 A Gudiña-A Rúa)

La limitación horaria consistirá en la prohibición de estacionamiento en las antedichas zonas:

a) En el período general, desde las 14.00 horas hasta las 00.00 horas del sábado, así como los domingos y días festivos, todo el día.

b) En el período estival, desde las 20.30 horas a las 00.00 horas, así como de las 00.00 horas a las 8.00 horas, de lunes a viernes; será de aplicación al sábado y domingo lo estipulado para el período general.

#### Art. 8

La infracción de cualquiera de los artículos de esta ordenanza, así como de las disposiciones que en su desarrollo dicte la Alcaldía, tendrán la consideración de infracción a las normas de ordenación de tráfico y circulación e implicarán la imposición de sanciones conforme a la legislación y demás normativa vigente al efecto.

Se considerarán infracciones leves:

A) Estacionar el vehículo en las zonas señaladas y horarios prohibidos según el concreto período anual, sin poseer el correspondiente DUEE.

B) Estacionar el vehículo en las zonas señaladas y horarios prohibidos según el concreto período anual, sin colocar en lugar visible el correspondiente DUEE.

C) Estacionar el vehículo en las zonas señaladas y horarios prohibidos según el concreto período anual, utilizando un DUEE anulado, caducado o no idóneo por otra causa formal.

Se considerarán infracciones menos leves:

D) Estacionar el vehículo en las zonas señaladas y horarios prohibidos según el concreto período anual, utilizando un DUEE por persona, para finalidad o en vehículo diferente para el cual se otorgó.

E) Estacionar el vehículo en las zonas señaladas y horarios prohibidos según el concreto período anual, utilizando DUEE, habiéndose dejado de reunir de facto alguno de los requisitos para su expedición.

F) Reiteración o reincidencia en el incumplimiento de la presente ordenanza. Habrá reiteración cuando se hayan producido dos incumplimientos en el plazo de un trimestre, y reinciden-

cia cuando se hayan producido tres incumplimientos en el plazo de un año.

Todas ellas A) a F), incluidas (leves y menos leves), tendrán la consideración de "infracciones leves", de conformidad con lo que establece el art. 75 de la Ley 6/2015, de tráfico precitada.

#### Art. 9

Las infracciones leves se sancionarán con multa de 40 € (cuarenta euros).

Las infracciones menos leves se sancionarán con multa de 80 € (ochenta euros) y, en el caso de pérdida de las condiciones para la expedición del documento, con su retirada.

Conforme a lo que establece el art. 94. la) de la Ley 6/2015, una vez realizado el pago voluntario de la multa, bien en el acto de entrega de la denuncia, bien en el plazo de 20 días naturales desde el siguiente al de su notificación, concluirá el procedimiento sancionador con, entre otras, como consecuencia de la reducción del 50% del importe de la sanción.

#### Art. 10

Conforme a lo que dispone el segundo párrafo del art. 1 de esta ordenanza sobre normativa subsidiaria y supletoria, en todos aquellos aspectos sobre tipicidad y graduación de las infracciones y sanción de éstas, se estará a lo que establecen la legislación y reglamentos señalados, y nombradamente, en lo que a la cuestión procedimental se refiere, al Real Decreto 318/2003, de 14 de marzo, por el que se modifica el Reglamento de Procedimiento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por el Real Decreto 320/1994, de 25 de febrero.

#### Disposición adicional única

La Alcaldía queda facultada para dictar cuantas órdenes e instrucciones resulten precisas para la idónea interpretación y aplicación de esta ordenanza.

#### Disposición derogatoria

Quedan derogados cuantas ordenanzas, reglamentos o bandos municipales se opongan a la presente ordenanza.

#### Disposición final

La presente ordenanza, compuesta por 10 artículos, una disposición adicional única, una disposición derogatoria y una disposición final, entrará en vigor el día hábil siguiente al de su publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, de conformidad con el art. 49 de la Ley 7/1985, de Bases del Régimen Local.

R. 1.974

## Viana do Bolo

### Anuncio de ordenanza definitiva

Ao non presentárense reclamacións durante o prazo de exposición ao público (BOP n.º 224, do 29/09/2020), queda automaticamente considerado definitivo o acordo plenario provisional deste concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, cuxo texto íntegro se publica en cumprimento do artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Viana do Bolo, 29 de xuño de 2021. O Alcalde.

Asdo.: Abelardo Carballo Alonso.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles  
Artigo 1.º Fundamento e réxime

Este concello, ao abeiro das potestades que lle confire o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo co que dispoñen os artigos 15 e